

Bloqueadas as táboas salariais de Educación Infantil 0-3 pola incoherencia dos sindicatos asinantes do convenio

A Mesa estatal de negociación de infantil 0-3 queda unha vez máis en cuestión pola decisión dos sindicatos que miraron para outro lado á hora de esixir o pago do SMI, como marca a lei, e que agora non asumen nin o que asinaron na negociación do convenio

Texto CIG InformaLogo de dúas Mesas de “negociación”, o 2 e o 10 de febreiro, posteriores ao acordado e asinado no SIMA (Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje), o resultado no momento actual é un **bloqueo total por parte dos sindicatos asinantes do convenio colectivo**, que suman a maioría na parte sindical e teñen nas súas mans confirmar o asinado no SIMA. A CIG-Ensino, cuxo voto non é decisivo, lamenta profundamente a irresponsabilidade destes sindicatos e, sobre todo, a evolución da negociación.

Foi a CIG-Ensino quen denunciou o incumprimento legal de pagar o SMI perante o SIMA. Puideron telo feito os sindicatos asinantes do convenio mais non foi así. Malia esa falta de actuación, todos eles asinaron a súa conformidade no SIMA, do que nos alegramos e así o evidenciamos nas reunións.

A responsabilidade da CIG-Ensino remata aí, pois a sinatura das táboas salariais é outro acto distinto na Mesa negociadora, no que a responsabilidade e obriga é de quen subscribiu o convenio e nos termos que o fixo.

Desde a CIG-Ensino opuxémonos a esas táboas rotundamente porque non dignificaba o traballo do persoal e sobre todo o das educadoras, a quen mesmo discriminaba salarialmente, e asinalas agora sería sermos cómplices e acatalas. **Unha cousa é reclamar como fixemos no SIMA o que é lei e obriga, un SMI que supera as limitacións do convenio nas táboas por quen o asinou, e outra moi distinta considerar que as táboas son unha proposta asumíbel, para quen non o asinou e incluso se mobilizou contra del.**

Resulta absolutamente incoherente e sorprendente que quen si asinaron as táboas do Convenio se neguen agora a actualizalas e que se use como argumento a necesidade de negociar un diferencial para as educadoras, totalmente lexítimo e xusto desde o punto de vista da CIG-Ensino, pero que non fixeron cando asinaron o Convenio. Se ese diferencial figurase como norma no Convenio non estaríamos agora nesta situación, demorando o cobro dos salarios e atrasos a todo o persoal afectado. Alá cada quen coa súa responsabilidade.

Nun último intento de que todo o persoal afectado non deixase de cobrar canto antes, a CIG-Ensino manifestou na última reunión a disposición á sinatura das táboas salariais sempre que se recollera de forma textual que a nosa sinatura implicaba exclusivamente a adaptación do acordo do SIMA mais non os criterios que deron lugar as táboas na negociación do Convenio. Non tivemos nin resposta polos asinantes do convenio e do acordo do SIMA, pois tiñan xa decidido priorizar os seus intereses sindicais aos das traballadoras que din representar cos seus actos e sinaturas.

En todo caso, chama poderosamente a atención, vendo os comentarios que os sindicatos maioritarios nos dirixen, o papel central que lle dan á CIG-Ensino nunha Mesa de negociación na que o noso voto, por si só ou sumado a algún deses sindicatos, non serviría para desbloquear a situación.

Todo o persoal cobrará de salario base como mínimo o SMI.

Do que non cabe a menor dúbida é de que todo o persoal terá que cobrar de salario base, como mínimo, o SMI (sen incluír o CPP) e que as empresas están obrigadas a facelo, facéndoo xa directamente sen agardar a que as táboas se modifiquen, pagando todos os atrasos correspondentes dende xaneiro de

2020. Por iso nos parece aínda máis sorprendente o comportamento dos sindicatos asinantes.

Se os maioritarios non desbloquean a situación, a Audiencia Nacional obrigará por sentenza.

Marco galego de negociación

Dende a CIG-Ensino non podemos facer máis do que xa fixemos nun ámbito estatal de negociación no que non cremos e aos feitos nos remitimos unha vez máis, quedando este marco de negociación totalmente en entredito logo de nin dar cumprimento ao recollido por normativa acordada e asinada na mesma Mesa estatal negociadora. É por iso que defendemos un Marco Galego de Negociación como única vía de negociación real, na que non se suplante aos traballadores e traballadoras e se defendan os seus intereses, e non se vendan ou teñan que ir a xuízo, coma neste caso, para acadar a simple adaptación salarial ao SMI.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal